

“Escolas de verao de Galiza e Portugal” en Viana do Castelo

● Tamén se celebrará o “II Simposio Internacional de Lingüística Galaico-Portuguesa”

Os vindeiros 13, 14 e 15 de setembro desenrolaranse en Viana do Castelo (Portugal) as “Escolas de Verão de Galiza-Portugal”, xornadas do ensino dentro das que se levará a cabo o II Simposio Internacional de Lingüística e Socio-Lingüística Galaico-Portuguesa, cuxo programa foi presentado onte en roda de prensa pola Asociación Socio-Pedagóxica Galaico-Portuguesa (escisión da AS-PG), Escola Viva e FETE, en representación das organizacións que por parte galega participan nese evento. Outras organizacións e organismos de ambos os países, entre eles os ministerios de Educación de España e Portugal, participan ou subvencionan as xornadas.

Adela Figueroa (ASPGP) sinalou que esta Escola nace como resultado da evolución do proceso de innovación pedagóxica, como consecuencia de que “ten que estar aberto a tódalas tendencias e ideoloxías e o servizo da liberdade de expresión” e partindo de que “un dos problemas é o da identidade nacional” polo que destacou a importancia do “encontro coa xente e cultura de alén Miño, para resolver problemas comúns de ensino”, tendo ademais “unha lingua común”. Suliñou tamén a “mui grande sensibilidade que hai en Portugal o movemento galaico-portugués”.

Pilar Erraiz abundou no mais destacado do programa e dos participantes, e Roxelio Pérez Poza (FETE-UGT) destacou o feito de que se vaian a tratar, por parte dos representantes de ambas as comunidades escolares, teses sobre a formación do profesorado, amosando a súa



preocupación porque namentras en ámbolos estados esteñan a funcionar os centros de profesores—exponente da preocupación existente tanto en España como en Portugal— en Galicia “non soio non se crearon senón que se poñen atrancos para que non funcionen”. Destacou tamén Roxelio P. Poza que se tratará a colaboración dos sindicatos de ensino coa política educativa.

Pola súa banda, o representante de Escola Viva, Sueiro, traxeu as principais liñas de aportación e colaboración que esta entidade fai as xornadas que se celebrarán en Viana no marco da renovación pedagóxica, e que se concretan fundamentalmente en aspectos organizativos, de aportación de profesorado cara “a impulsar os temas lingüísticos”.

As xornadas celebraranse na Escola Superior de Educación de Viana do Castelo, e nelas participarán mais de corenta profesores entre os que figuran José R. Lima, Salvato Trigo,

João e Julia Formosinho, Carlinda Leite por parte portuguesa, e por parte galega Eduardo Averbuj, Hilda Weismann, Mariana Giustina, Maite Vasques, e Gil Hernández, entre outros.

Desenrolaranse catro seminarios didácticos, sete oficinas pedagóxicas (obradoiros), diversas conferencias e comunicacións e tres mesas redondas sobre “modelos de formación de profesores”, “O conflito lingüístico na Galiza e problemática do ensino do galego” e “Sindicalismo e ensino na Galiza e Portugal”.

Polo que respecta o simposio, presigue promover o intercambio cultural e científico entre os dous países, promove-la pesquisa científica e o intercambio de experiencias, a defensa da lingua e cultura galaico-portuguesa, evitar a desmembración de “qualquer realización do sistema dentro da citada área” e promover “un maior coñecemento das literaturas e culturas respectivas”.